

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez e do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa ao recoñecemento da categoría de bombeiro forestal a diversas denominacións de persoal do SPDCIF.

### Exposición de motivos

O V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia recolle no Acordo de Condicións Especiais de Traballo do Persoal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia, no seu apartado 3.18, o compromiso do cambio da denominación da categoría do SPDCIF. Este compromiso atinxe a peóns, peóns condutores, xefaturas de brigada, vixiantes móbiles e de condución de motobombas, os cales pasarán segundo recolle o acordo á condición de bombeiros forestais.

Malia que a Xunta suspendeu diferentes aspectos do V Convenio Colectivo Único nun exercicio tan antidemocrático como de aplicación dunha política económica antisocial e de dereitas, este Acordo segue en vigor e dende hai 5 anos agarda o seu cumprimento.

Este colectivo ten desenvolvido unha inxente laboura cunha acreditada profesionalidade na prevención e loita contra os lumes forestais, segundo se desprende dos informe anuais da área de defensa contra os incendios forestais do ministerio de medio ambiente. As súas tarefas preservaron e preservan vidas humnas, o medio natural e mesmo os bens económicos.

A normativa estatal ampara esta conversión no decreto 1591/2010, do 26 de novembro, que aproba a clasificación das ocupacións e recolle a de bombeiro forestal. Sendo a comunidade autónoma a que estende recoñecemento á devandita categoría profesional.

Recoñecemento que non só é de xustiza, tamén serviría para que este colectivo profesional poida aplicarse o coeficiente legal da redución da idade de xubilación en atención ás moi duras, esixentes e insalubres condicións do seu traballo cotián.

En atención ao exposto, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer efectiva a previsión recollida no V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia e, xa que logo, a facer efectivo o compromiso de cambio de denominación das referidas categorías profesionais do SPDCIF a categoría de bombeiro forestal.

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 14:44:24**

**Anton Sánchez García na data 11/03/2015 14:44:30**